



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA TRECE DE XUÑO DE 2015 PARA A CONSTITUCIÓN DO CONCELLO DE LOURENZÁ.

SRES. ASISTENTES:

D^a. Rocío López García.
D. Manuel Arango Ron.
D. Carlos Rivas Rivas.
D^a. M^a. Mercedes Dengra Sixto.
D. Francisco Dasilva Rivas.
D. Miguel Castrillón Fernández.
D^a. M^a. Emma Álvarez Chao.
D. Fco. Javier Rodríguez Barrera
D^a. M^a. Josefa Rodríguez Lorenzo.
D. Pablo Maseda Fernández.

NO ASISTEN:

D. César Docampo Fernández.

Secretaria:

D^a. Begoña González Pedregal.

=====

No Salón de Actos da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as doce horas do día TRECE DE XUÑO DE 2015, en cumprimento do disposto nos artigos 195 y 196 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral e o artigo 37 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e ó efecto de proceder a celebrar a CONSTITUCIÓN do novo Concello de LOURENZÁ, á vista dos resultados das Eleccións Municipais celebradas o día 24 de Maio do 2015, para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais, reúnense os señores concelleiros electos enumerados ó marxe, asistidos pola Secretaria - Interventora que da fe do acto e procedéndose en primeiro lugar a formación da Mesa de Idade.

1º.- FORMACION DA MESA DE IDADE.

Seguidamente pola Secretaria - Interventora da Corporación, unha vez declarada aberta a sesión, dáse lectura ó artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (dende agora LOREX) e atendendo ó disposto no mesmo, procédese a constituír a Mesa de Idade.

Por Secretaría se da lectura al acta de proclamación de candidatos presentada pola Xunta Electoral de Mondoñedo.

Para elo, a Secretaria - Interventora chama a cada concelleiro ós efectos de acreditar a súa personalidade, quedando constituída a Mesa de Idade por D. Miguel Castrillón Fernández, concelleiro electo de maior idade, que a preside, e por D^a. Rocío López García, concelleira electa de menor idade.

Constituída a Mesa de Idade, esta procede a dar lectura de tódalas credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos, procedendo á comprobación das mesmas e acreditando cada concelleiro electo a súa personalidade e constatándose a ausencia de D. César Docampo Fernández, concelleiro do B.N.G.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da LOREX e artigo 37.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro (dende agora ROF) e que concorren a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procedese ó cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da LOREX de prestar xuramento ou promesa.

2º.- ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA.

Tra-la lectura pola Secretaria do Concello do artigo 108.8 da LOREX, referido á toma de posesión dos concelleiros electos, procedese a nomear a todos os señores concelleiros presentes, a efectos de prestación de xuramento ou promesa, facéndoo en primeiro lugar os membros da Mesa de idade. O xuramento o promesa realizase ante a Constitución e utilizando a fórmula prevista para a toma de posesión de cargos o funcións públicas: "*Xuro o prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigacións do meu cargo de concelleiro e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.*"

A continuación pola Secretaria - Interventora procedese a nomear a cada uno dos concelleiros electos presentes, pola orde no que figuran na certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona, lendo a fórmula persoalmente cada un deles, e xurando o cargo, os señores/as López García, Álvarez Chao, Maseda Fernández e Rivas Rivas e prometendo o resto dos concelleiros.

Unha vez cumprimentado o disposto no artigo 195 da LOREX, o Presidente da Mesa declara constituído o Concello de LOURENZÁ, tralas eleccións municipais celebradas o día vinte catro de maio do 2015.

Por Secretaría faise alusión a ausencia do concelleiro do B.N.G., Sr. Docampo Fernández, quen poderá tomar posesión do seu cargo de concelleiro en calquera outra sesión plenaria á que asista.

3º.- ELECCIÓN DO ALCALDE/SA.

Posteriormente por Secretaria - Intervención procedese á lectura do artigo 196 da LOREX referente á elección do Alcalde da Corporación.

Polo Presidente da Mesa de Idade preguntase ós concelleiros presentes e que encabezaron as listas se manteñen a súa candidatura á Alcalde ou retíranas, manifestando os dous presentes a súa vontade de ser candidatos e en consecuencia os presentados foron:

- D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA (P.S. de G.-P.S.O.E.).
- D^a. EMMA ÁLVAREZ CHAO (P.P.)

Trala proclamación de candidatos, pola Secretaria - Intervención infórmase que non existe previsión legal ou regulamentaria sobre a forma



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



de votación pola que debe elixirse ó Alcalde - Presidente, nin a LOREX nin O ROF, nin a Lei de Bases de Réxime Local nin a Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia determinan un sistema concreto de votación para esta elección e seguidamente e a vista do exposto, pola Corporación elíxese o sistema de votación ordinaria dándose o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO	NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS	
	EN LETRA	En número
D ^a . ROCÍO LÓPEZ GARCÍA	SEIS.	6
D ^a . EMMA ÁLVAREZ CHAO.	CUATRO	4

Resultando elixida por seis votos e polo tanto por maioría absoluta dos votos emitidos polos concelleiros, e tal como prevé o artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, D^a. Rocío López García.

Por Secretaría se da lectura ó artigo 40 do ROF e 18 do R.D.Lexislativo 781/86 de 18 de abril e inmediatamente a Sra. concelleira que resultou elixida Alcaldesa deste Concello, D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, integrada na Lista ou Candidatura do Partido S. de G-P.S.O.E, toma posesión do seu cargo, na forma anteriormente mencionada, neste mesmo acto, prestando previamente novo xuramento, neste caso como Alcaldesa do Concello e pasando a ocupa-la Presidencia.

4º.- ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN.-

A continuación, pola infrascrita Secretaria - Interventora dáse lectura á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova Corporación, facendo constar que se facía a 10/06/11 (por estar pechados os bancos o sábado) acompañada de tódolos documentos que xustifiquen as existencias en metálico e en valores propios da Corporación, depositados nas entidades bancarias, de acordo co preceptuado no número 2 do art. 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para os efectos de preceptuado polo art. 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e art. 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, sendo os resúmenes dos documentos os seguintes:

ENTIDAD	NUMERO DE CUENTA	SALDO/EUROS
BANCO SANTANDER	0000851271	17.574,28
BANCO SANTANDER	0000851272	14.430,39
BANCO PASTOR	0000100588	6.243,96
ABANCA	3110000012	79.491,57
CAIXA RURAL	1137831325	101.764,44
BANCO BILBAO VIZCAYA	0000003292	69.582,93
BANCO BILBAO VIZCAYA	0200270311	0,00

BANCO SABADELL	0001164218	15.419,07
CAIXA RURAL COOPERACIÓN	6076616421	4.750,34
TOTAL SALDOS A 13/06/2015		309.256,98

Por último dáse lectura ós artigos 38 e 23-26 do varias veces citado Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, referentes á formación dos grupos políticos e ó prazo para celebración do próximo Pleno, quedando informados tódolos asistentes do seu contido.

Finalmente pola Sra. Alcaldesa - Presidenta pronúncianse unhas palabras de benvida ós novos concelleiros sendo os seu contido o que segue:

“Concelleiros e concelleiras, secretaria do Concello, veciñas e veciños, familiares, amigas e amigos, permitídemme en primeiro lugar agradecer a vosa presenza neste solemne acto de Constitución da nova Corporación Municipal.

Felicítamos a todos os veciños e veciñas de Lourenzá que o día 24 de maio, cunha asistencia masivas ás urnas, máis dun 80%, deron unha lección de responsabilidade democrática.

O pobo falou, dicindo darlle un apoio maioritario á candidatura do P.S de G-PSOE, que eu tiven a honra de encabezar.

Permitídemme antes de nada, agradecer publicamente o traballo de todos os compañeiros e compañeiras que formaron parte da candidatura socialista e de todas as persoas que colaboraron con nós durante a campaña electoral. Teño que dicir, que sen o seu traballo, o seu apoio e a súa amizade, hoxe non sería alcaldesa de Lourenzá. Sei que poderei contar sempre con todos vós. Moitas Gracias.

Quero facer tamén unha especial mención á miña familia en concreto, que me apoiou ó longo de todo este camiño, e en especial ao meu pai, que é sen dúbida o meu referente como persoa e o exemplo de bondade e honestidade que sempre me guía en cada paso que dou na miña vida.

Teño que agradecer tamén a unhas persoas que fai catro anos entraron a formar parte da miña vida. Unhas persoas que fai catro ano me abriron as portas da súa casa e me acolleron cos brazos abertos como se fose unha filla. A esas persoas, Ana e Andrés, e Ariana, que hoxe non está aquí, douvos as gracias publicamente por todo o voso cariño, a vosa comprensión comigo e por todas e cada unha das mostras de afecto que tedes comigo. Sabedes que para min sodes como uns pais, e que estea onde estea, sempre vos levarei no corazón.

Teño que pedirlle perdón ás nosas familias polo tempo de dedicación que lles roubamos e tamén pedirilles paciencia no futuro polo tempo que lles imos roubar. Esforzarémonos para non desatendervos e poder compaxinar a vida privada e familiar coa vida pública e de servizo aos cidadáns.

Quero tamén dar as gracias ó anterior equipo de goberno, a anterior alcaldesa, Emma, a Dino, a Vidal, a Lupe, a Pablo e a Toto... gracias por estes anos de traballo e dedicación e por todas as cousas que conseguisteis para Lourenzá.



Concello de Lourenz

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



E para min un gran honor ser a primeira alcaldesa socialista da historia de Lourenz.

Pero non quero pasar a historia deste concello so por iso.

Quero ser a Alcaldesa de todos e de todas, quero ser a Alcaldesa da participacin e da transparencia. Quero ser unha alcaldesa cercana o pobo, quero ser a alcaldesa AMIGA.

Quero seguir sendo a mesma persoa que fun ata hoxe, a vosa vecina , a vosa amiga, a que fala con vos na rua, a que vos escoita, unha vecina mais ..., simplemente esa persoa que os vecinos escollestes para que vos represente a vos e a Lourenz, pero esa persoa que nunca esquecer de onde veu.

 se algun da me desvo deste camino, companeiros e companeiras, vecinos e vecinas, facedemo saber, non dubidedes en dicirme que estou equivocada e que ese camino non e o correcto, porque eu, sen dubida, vos estarei agradecida.

Hoxe quero comprometerme aqua tender a mina man aos grupos polticos da oposicin. Dende aqua agradeceremos e apoiaremos todas aquelas propostas e iniciativas que redunden en beneficio dos nosos vecinos e vecinas.

Para rematar quero ter un recordo especial para todos os companeiros e companeiras que nos precederon como representantes socialistas nas anteriores corporacins.

Eles tamen son os responsables de que hoxe tenamos unha alcaldesa socialista. Este recordo e mais especial para aqueles e aquelas que xa non estan con nos, e que ala onde estean seguro que se sentirn felices e orgullosos.

Quero tamen recordar aqua recente desaparicin dun concelleiro exemplar, Pedro Zerolo, loitador incansable a favor dos dereitos sociais e da liberdade. Un poltico honrado que coa sua palabra foi capaz de facer revolucin social. Un exemplo sen dubida a seguir por todos nos.

Non me vou estender mais, hoxe e un da de celebracin, por o luns, xa estarei, xa estaremos todos traballando no Concello e a vosa enteira disposicin.

Non quero despedirme sen antes decirvos que estou aqua para traballar..., con ganas, con ilusin, con esforzo e que sen dubida farei todo o que estea o meu alcance para conseguir o mellor para Lourenz. Espero facelo todo o mellor posible para todos vos e non decepcionarvos.

Moitisimas grazas a todos e todas , por compartir comigo este momento, e estar presente neste acto de constituicin da nova corporacin municipal, e facer que o da de hoxe sexa inolvidable para min e para a historia do Concello de Lourenz."

Finalmente levantouse a sesin sendo as doce horas corenta e cinco minutos e estendndose do seu resultado a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa - Presidenta, comigo a Secretaria, de todo o que certifico.

Vo e Po

A Alcaldesa - Presidenta,

A Secretaria - Interventora



